

CERTAME ARTÍSTICO E LITERARIO. Relato breve e poesía

O Día Mundial do Libro e dos Dereitos de Autor celébrase todos os anos o 23 de abril, data en que se pon de manifesto o papel que desempeña o libro na sociedade dos nosos días. En Galicia, coincide esta data moi próxima ao Día das Letras Galegas, o 17 de maio, día en que Galicia honra as súas letras e a súa lingua e que este ano se lle dedica a María Victoria Moreno.

Estas celebracións son o motivo polo que poñemos en marcha o **Certame artístico e literario de relato breve e poesía**.

As bases que o rexen son as seguintes:

PRIMEIRA

Poderán participar cantas persoas desexen sen límite de idade, para o que se crean as seguintes categorías: *ata 6 anos, 7-8 anos, 9-11 anos, 12-14 anos, 15-17 anos e maiores de 18 anos*.

SEGUNDA

As persoas participantes presentarán un único texto en galego, orixinal e inédito, para o que se estipula un máximo de dez folios (narrativa) ou de 10 a 60 versos (poesía).

O escrito presentarase a ordenador co seguinte formato: DIN A4, letra arial, xustificado, tamaño de letra 12, interliñado 1,5 cm, marxes superior e inferior 2,5 cm e esquerda e dereita 3 cm.

TERCEIRA

Os traballos presentados deben incorporar algún elemento característico do concello de Rois. **Deben responder ao tema proposto; do contrario, non entrarán a concurso.**

CUARTA

Os participantes na categoría de ata 6 anos, así como aquelas persoas que non manexen a lectoescritura, poderán substituír os textos por debuxos que se realizarán en grupo ou individualmente, empregando a técnica que consideren máis axeitada para o seu traballo. Presentaranse nunha folla DIN A3.

QUINTA

O prazo de presentación dos traballos remata o **luns 23 de abril**. A entrega pódese facer no Concello de Rois, en Samil nº1, en horario de 09.00 a 14.00 horas, ou no edificio multiúsos de Rois, en horario de 16.30 a 21.00 horas.

SEXTA

Cada traballo presentarase dentro dun sobre grande que conterá tamén unha ficha cos seguintes datos: nome e apelidos, enderezo, data de nacemento, teléfono/s de contacto e título do traballo. No caso do alumnado, tamén constará o centro e o nivel educativo.

SÉTIMA

O alumnado poderá realizar os traballos a ordenador ou a man, pero os seleccionados de cada aula estarán pasados a ordenador.

OITAVA

O xurado estará composto por persoas relacionadas co mundo da cultura e da educación e coñecedoras da realidade municipal.

NOVENA

A entrega de premios ás dúas mellores obras de cada categoría terá lugar en maio, data en que se exporán ao público todos os traballos presentados. Na categoría de 15-17 anos, os premios serán en metálico, cun importe de 60 euros para os primeiros e 30 euros para os segundos. Na categoría de maiores de 18 anos, os premios, tamén en metálico, serán de 100 euros para os primeiros e 50 euros para os segundos. No resto das categorías, os premios consistirán nun lote de libros.

Todas as persoas participantes recibirán un diploma acreditativo.

DÉCIMA

A participación neste certame supón a total aceptación das súas bases e da resolución do xurado.

O Concello de Rois resérvase o dereito a facer uso dos traballos premiados.

Pode obter máis información nos teléfonos 981804109 (de 09.00 a 14.00) e

981816061 ou a través dos enderezos electrónicos concelloderois@gmail.com ou normalizacion.linguistica@rois.es

CERTAME ARTÍSTICO E LITERARIO

RELATO BREVE E POESÍA



Deputación
DA CORUÑA

